

Prezadas familias:

Nesta ocasión dirixímonos a vós co motivo da celebración do Día das Letras Galegas que, como sabedes, se celebra cada ano o día 17 do presente mes. O autor homenaxeado nesta ocasión é o escritor ferrolán **Ricardo Carvalho Calero (1910-1990)**. **Enviámosvos un vídeo no que se fai unha breve presentación da súa vida e obra.**

Debido á situación que estamos a vivir, **dita celebración terá lugar no primeiro trimestre do próximo curso**, tal e como indicou recentemente a Real Academia Galega.

Como non podemos deixar pasar esta data na que se promove o uso da nosa lingua, ímola celebrar doutro modo. Tendo en conta que o “**Día Internacional das familias**” se conmemora o **día 15** deste mes, **imos unir as dúas celebracións**. Este ano, máis ca nunca, cremos que a familia merece unha gran homenaxe, e queremoslo render **pedíndolle a cada nen@ que nos diga que significa a familia para el/ela**.

Cada alumn@ **deberá completar a seguinte oración:**

A MIÑA FAMILIA É...

Nun folio, colocado como se indica, **CONTINUARÁ** esa oración cunha ou máis palabras en galego con letras ben grandes. Por exemplo:

DIVERSIÓN

Pedímosvos que **lles saquedes unha foto suxeitando dito papel**. **Cada alumno enviaralle a fotografía ao seu titor, preferiblemente antes do luns, día 11**. Con todas elas realizaremos unha montaxe que vos faremos chegar.

Esperamos a vosa participación!

Grazas de antemán e un saúdo.